

REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DEPARTAMENTO DE QUÍMICA FUNDAMENTAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 9.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio (DOG de 26 de maio).

A regulación do réxime de funcionamento e organización do Departamento de Química Fundamental, en adiante Departamento, fica enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña, en concreto na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e no Decreto 101/2004 da Xunta de Galicia, que aproba os Estatutos da Universidade da Coruña, así como pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa nos que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario foren de aplicación.

TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto do regulamento

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e organización do Departamento de Química Fundamental.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O presente regulamento será de aplicación ao Departamento de Química Fundamental da Universidade da Coruña, constituído polas áreas de coñecemento de Química Inorgánica e de Química Orgánica e consecuentemente será de obrigado cumprimento para todos os seus compoñentes en canto membros del.

Artigo 3. Réxime xurídico

1. O Departamento de Química Fundamental rexerase pola Lei Orgánica de Universidades, polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e finalmente polo presente Regulamento de Réxime Interno.
2. En defecto do establecido no presente regulamento aplicarase a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. Contra as resolucións e acordos dos órganos unipersoais ou colexiados do Departamento, poderase formular recurso de alzada no prazo dun mes perante o reitor, tratándose de resolucións do director, e perante o Consello de Goberno, tratándose de acordos do consello de Departamento, cuxa decisión esgotará a vía administrativa e será impugnabile perante a xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdición.

TÍTULO I. NATUREZA E FUNCÍONS

Artigo 4. Natureza

O Departamento de Química Fundamental é o órgano encargado de coordinar o ensino encomendado as áreas de coñecemento de Química Inorgánica e Química Orgánica nos centros nos que impartan docencia, de acordo coa programación docente da Universidade e de ditos centros. Así mesmo, lle compete a coordinación da investigación levada a cabo no seu seno.

Artigo 5. Funcións

Son funcións do Departamento:

- a) Organizar e desenvolver o ensino propio das súas Áreas nos diferentes ciclos dos estudos universitarios, tanto de grao como de posgrao e doutoramento.
- b) Apoiar as actividades e iniciativas investigadoras do persoal adscrito as áreas que o integran.
- c) Establecer contratos con entidades públicas ou privadas ou con persoas físicas a realización de traballos de carácter científico ou técnico, así como o desenvolvemento de cursos de especialización.
- d) Participar na elaboración de planos de estudo, no procedemento de selección do persoal e nos procesos de avaliación da calidade institucional.
- e) Calquera outra que lles asignaren as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña.

TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

CAPÍTULO I. DA ESTRUCTURA DO DEPARTAMENTO

Artigo 6. Persoal pertencente ao Departamento de Química Fundamental

O Departamento agrupa o persoal docente e investigador da Universidade, tanto funcionario como contratado, bolseiros de investigación, estudantes e o persoal de administración e servizos que estean adscritos ó mesmo ou as Áreas que o constitúen.

Artigo 7. Grupos de investigación

O Departamento fomentará a constitución de grupos e redes de investigación en que participen os seus investigadores. As relacións entre o Departamento e os grupos de investigación en que participen os seus membros acomodaranse á normativa que para este efecto dite o Consello de Goberno.

CAPÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

Artigo 8. Órganos de goberno do Departamento

Para o goberno, representación e administración do Departamento establécense os seguintes órganos:

- a) Colexiados:
 - Consello de Departamento, que pode actuar en pleno ou en comisións delegadas
- b) Unipersoais:
 - Director de Departamento
 - Secretario de Departamento

Os órganos colexiados terán prevalencia sobre os unipersoais.

SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Artigo 9. Composición do Consello de Departamento e outras cuestións

1. O Consello de Departamento compórase:
 - a) Do Director do Departamento, que o presidirá e convocará, e do Secretario do Departamento, que actuará tamén como do Consello.
 - b) De todos os profesores e axudantes pertencentes o Departamento, de acordo co artigo 33.1.b dos estatutos da Universidade da Coruña.
 - c) De todos os demais doutores adscritos o Departamento.
 - d) Un representante dos investigadores do Departamento.
 - e) Un 25% de representantes dos estudantes do ámbito da docencia do Departamento, dos cales, dous terzos corresponderán a estudantes de primeiro e segundo ciclo, e un terzo a estudantes de terceiro ciclo nos que participe o Departamento.
 - f) Un representante do persoal de administración e servizos adscrito ao Departamento.
2. Os membros representantes no Consello de Departamento acadarán tal condición tralo oportuno proceso electoral, regulado de acordo o Regulamento Electoral da Universidade da Coruña, e su representación terá unha duración de dous anos.
3. En caso de cesamento de representantes, no prazo máximo dun mes o/a director/a do departamento cubrirá os postos coas persoas candidatas que no último proceso electoral realizado obtivesen o maior número de votos en cada sector sen acadaren

representación. Se as non houber, os postos serán cubertos no seguinte proceso electoral, tras a expiración do mandato do Consello de Departamento, salvo que o número de novos postos para cubrir sexa superior á metade do número total de representantes de cada sector, en cuxo caso terán que se convocar eleccións parciais. O mandato dos representantes que así accedan ao Consello de Departamento non durará máis que o tempo de mandato que reste aos demais representantes.

Artigo 10. Competencias do Consello de Departamento

Son competencias do Consello de Departamento:

- a) Elaborar e aprobar a proposta a elevar ao Consello de Goberno do correspondente Regulamento de Réxime Interno do Departamento e as súas modificacións, para a súa definitiva aprobación.
- b) Elixir o Director e, se for o caso, revogalo.
- c) Programar e supervisar as actividades docentes e investigadoras do Departamento, elaborar o seu plano de organización docente de acordo as necesidades dos centros que os membros do departamento impartan docencia.
- d) Organizar cursos e estudos de posgrao ou especialización, conferencias e outras actividades formativas e divulgativas dentro do seu ámbito de competencia.
- e) Formular as demandas do persoal docente, investigador e de administración e servizos co seus correspondentes perfiles.
- f) Propoñer o nomeamento de doutores “Honoris Causa” e profesores eméritos.
- g) Participar na selección e contratación de todo o persoal que se adscriba o Departamento.
- h) Calquera outra competencia que lle for asignada polas disposicións legais e polos Estatutos da UDC.

Artigo 11. Funcionamento do Consello de Departamento.

1. O Consello de Departamento reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario e, polo menos, unha vez ao semestre, e sempre que o Director o convoque por propia iniciativa ou por solicitude de un 25% dos seus membros ou de un 75% dos membros de unha área de coñecemento que o constituen. A sesión celebrase nun prazo máximo de quince días hábiles a partires da recepción da solicitude.
2. A orde do día das sesións será fixada polo Director e incluírá, necesariamente, un punto de “informes do Director” e outro de “rogos e preguntas”, así como todos aqueles puntos cuya inclusión fose solicitada por algún membro do Consello antes de ter enviada a convocatoria.
3. A convocatoria será efectuada polo Secretario do Departamento, por orde do Director ou de quen legalmente o substitúa. Esta convocatoria incluírá a data, hora e lugar de realización da sesión, así como a orde do día. As citacións da convocatoria serán cursadas polo Secretario, coa antelación suficiente para que todos os membros a reciban corenta e oito horas antes de que teña lugar a sesión, e debe incluír unha orde do día explícita, sen referencias xenéricas. As citacións levaranse a cabo mediante notificación persoal por carta ao centro de traballo ou notificación en soporte informático con garantías da súa recepción. De convocarse a sesión fóra do período lectivo previsto no calendario escolar, a convocatoria cursada ao alumnado deberá, ademais, remitirse aos seus respectivos domicilios.

4. Cando a urxencia dos asuntos a tratar así o exixa, o Consello do Departamento poderá reunirse en sesión extraordinaria, que estará sometida aos mesmos requirimentos que as ordinarias, coa as seguintes excepcións:
 - a) A súa convocatoria pode facerse con só vinte e catro horas de antelación.
 - b) A orde do día incluírá, exclusivamente, aqueles puntos inaplazables que orixinaron a convocatoria extraordinaria, así como un punto previo no que o Consello pronunciárase sobre a procedencia da convocatoria.
5. Cando a xuízo do Director ou dando cumprimento a un acordo previo do Consello de Departamento, a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requira, poderanse convocar ás sesións do Pleno ou, se for o caso, ás dalgunha comisión ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto. O convidado só poderá asistir ó debate do punto do orde do día que motivou a súa presenza.

Artigo 12. Constitución

Para a válida constitución do Consello de Departamento, para os efectos de realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirírase a presenza do Director e do Secretario ou, se for o caso, de quen os substitúa, e a da metade, polo menos, dos seus membros. De non acadarse este quórum, o Consello de Departamento poderá constituírse en segunda convocatoria coa presenza da terceira parte dos seus membros e, en todo caso, a do Director e do Secretario ou, se for o caso, de quen os substitúa.

Artigo 13. Asistencia e desenvolvemento das sesións

1. A asistencia ás sesións do Consello do Departamento é un dereito e un deber dos membros que os integran.
2. A condición de membro do Consello do Departamento é persoal e non delegable.
3. Toda ausencia poderá xustificarse por escrito con anterioridade á sesión en que se produza perante o Secretario do Departamento.
4. Ás sesións só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 11.5.
5. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Artigo 14. Votacións e adopción de acordos

1. So poderán ser obxecto de acordo as cuestións especificadas na orde do día ou aquelas que estean directamente relacionadas con elas. Non se poderán tomar acordos dentro dos apartados da orde do día correspondentes a “Informes” e “Suxestións e Preguntas”.
2. Os acordos poderán tomarse por alguna das seguintes vías:
 - a) Por asentimento a proposta do Director do Departamento.
 - b) Por votación, que poderá ser a man alzada ou por chamamento en suas dous modalidades: pública ou secreta. A decisión primeira sobre o tipo de votación tomarala o Director do Departamento, pero a votación secreta será empregada cando o acordo que se deba adoptar tivera carácter persoal ou o solicite algún dos membros presentes.
3. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando ningún membro presente manifieste a súa oposición á mesma ou solicite que sexa sometida a votación.

4. Unha proposta será aprobada por votación si obtén máis votos favorables que desfavorables, sin ter en conta as abstencións, e dirimindo o voto do Director en caso de empate. En todo caso, o acordo poderá requirer a maioría absoluta ou cualificada si así o contempla a ley, estatuto ou regulamento.
5. Iniciada unha votación, esta non poderá interromperse, nin se poderá acceder ou abandonar a sala mentras a votación non termine.

Artigo 15. Actas

1. O Secretario do Consello de Departamento levantará acta das sesións do Consello na que especificará necesariamente a relación de asistentes e ausentes que achegasen xustificación, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos e a forma en que estes se adoptaron.
2. Os membros do Consello teñen dereito a que, previa solicitude, se recolla na acta ou como anexo á mesma a transcripción íntegra e literal da súa intervención ou proposta. Para elo debe presentarlle por escrito nese momento ou dentro do prazo que resulte razoable a xuízo do Director e o seu texto deberá corresponderse fielmente co a intervención do interesado.
3. Si algún membro do Consello así o solicita, a acta recollerá explícitamente o sentido do seu voto, favorable, desfavorable ou abstención, e os motivos que o xustificuen. Os membros que discrepen dun acordo aprobado por maioría poderán formular por escrito o seu voto particular no prazo de corenta e oito horas. O escrito se incorporará ao texto do acordo aprobado.
4. Os membros que fagan constar explícitamente a súa abstención ou voto en contra de un acordo aprobado polo Consello quedarán exentos da responsabilidade que puidese derivarse do mesmo.
5. As actas aprobaranse, se procede e previa lectura ao Consello por parte do Secretario, ben na mesma, ben na seguinte sesión ordinaria. Neste último caso, o secretario poderá emitir certificacións provisionais, pendentes da aprobación final da acta.
6. As deliberacións do Consello serán secretas; de modo que o Secretario só emitirá certificacións dos acordos, con mención de su aprobación e do resultado numérico da votación, e tamén das intervencións e votos que se produciran de acordo cos puntos 2 e 3 de este artigo.

Artigo 16. Comisions Delegadas

A fin de axilizar o funcionamento do Departamento, o Consello delega parte das súas competencias na Comisión Permanente. Ademáis, poderá constituir outras Comisións si o considera oportuno.

Artigo 17. Comisión Permanente do Consello de Departamento

1. A Comisión Permanente é un órgano delegado do Consello cuxo fin é o asesoramento do Director do Departamento así como axilizar o goberno do Departamento liberando ao Consello de asuntos de trámite.
2. A composición da Comisión Permanente será a seguinte: o Director do Departamento, que a presidirá, o Secretario do Consello de Departamento, que o será da Comisión Permanente, un representante dos profesores de cada unha das áreas que forman parte do Departamento, un representante dos investigadores (no profesores) do

Departamento, un estudante, e un representante do persoal de administración e servizos. Todos os membros da Comisión Permanente terán que ser membros do Consello de Departamento. Os que o sexan por representación serán elixidos por un período de dous anos.

3. As competencias da Comisión Permanente son:
 - a) Asesorar e apoiar ao Director do Departamento nas súas funcións.
 - b) Colaborar na elaboración da Orde do Día das reunións do Consello.
 - c) Decidir sobre asuntos de trámite, sempre que o pronunciamento resulte favorable, en cuestións tales como informes da actividade docente do persoal adscrito o Departamento, ou de teses doutorales, admisión de estudantes, convalidacións, cenceseión de permisos en outros centros, etc.
 - d) Calesquera outras que lle foran expresamente delegadas polo Consello de Departamento.
4. Funcionamento da Comisión Permanente:
 - a) A Comisión Permanente reunirse por iniciativa do Director de Departamento ou a petición de tres dos seus membros. Para a constitución da Comisión Permanente será necesaria a asistencia dos dous tercios dos membros.
 - b) Os acordos da Comisión Permanente serán tomados por unanimidade dos presentes. De no obtela, o asunto pasará a ser debatido no Consello do Departamento.
 - c) O Director de Departamento informará ao Consello de Departamento de todas as actuacións e decisións da Comisión Permanente na primeira reunión posterior á mesma.

Artigo 18. Outras Comisións do Departamento

1. O Consello de Departamento, para os efectos do seu mellor funcionamento ou actuación, poderá constituír comisións con carácter de apoio ou asesoramento e que non terán capacidade decisoria, debendo remitir todas as propostas que se adopten ao Consello de Departamento, que decidirá en última instancia.
2. As comisións estarán compostas polos membros do Consello de Departamento designados por este. A súa renovación levarase a cabo segundo os criterios que estableza o Consello de Departamento, tanto en canto á composición, como na periodicidade da súa renovación.
3. As funcións que correspondan a cada comisión serán asignadas polo Consello de Departamento.
4. Para o seu funcionamento e adopción de acordos, rexeranse polas normas establecidas para o Consello de Departamento no presente regulamento.

SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Artigo 19. Do Director do Departamento

1. O Director do Departamento teñe a representación deste e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria destes.
2. O Director do Departamento é nomeado polo reitor logo de elección polo Consello de Departamento entre os membros docentes que sexan doutores de acordo co regulamento electoral da Universidade.

3. De non se poder efectuar o nomeamento do Director do Departamento de acordo co punto anterior, o reitor, unha vez oído o Consello de Departamento, nomeará un Director en funcións entre os profesores do mesmo.
4. A duración do mandato do Director será de catro anos e poderá ser reelegido dacordo co establecido nos estatutos da Universidade.
5. O Director de Departamento cesará nas súas funcións polas seguintes causas:
 - a) Por finalización do seu mandato.
 - b) Por pedimento propio.
 - c) Por causa legal sobrevida.
 - d) Como consecuencia dunha moción de censura.
6. A moción de censura prevista no punto anterior deberá ser solicitada por escrito por al menos un tercio dos membros do Consello, con proposta de candidato alternativo, e será sometida a votación en sesión extraordinaria no prazo de un mes tras a súa solicitude. A moción será aprobada no caso de obter maioría absoluta de votos favorables. Se non acadase os votos necesarios consideraríase rexeitada e ningún dos asignantes da mesma poderá presentar outra durante o mesmo mandato.
7. En casos de ausencia temporal do Director do Departamento, éste será substituído polo profesor de máis categoría e antigüidade do Departamento, que actuará como Director en funcións.

Artigo 20. Funcións do Director do Departamento

Correspóndelle ao Director do Departamento:

- a) Exercer a representación do Departamento.
- b) Convocar e presidir o Consello do Departamento e mailas diferentes Comisións que houbera.
- c) Executar e velar polo cumprimento dos acordos adoptados polos órganos colexiados do Departamento.
- d) Dirixir, supervisar e coordinar, de acordo co Consello, as actividades do Departamento.
- e) Organizar as funcións de persoal de administración e servizos adscrito ao Departamento e controlar o seu cumprimento.
- f) Promover contratos, de acordo co previsto na lei e nos estatutos.
- g) Executar as previsións orzamentarias.
- h) Propor ao reitor o nomeamento dunha persoa, de entre o profesorado e axudantes do Departamento, como Secretario do Departamento.
- i) Formar parte das Comisión de Selección do Persoal Contratado, no caso de que a praza se adscriba ao Departamento.
- j) Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os estatutos da UDC.

Artigo 21. Secretario de Departamento

1. O Secretario do Departamento será nomeado polo reitor, por proposta do Director do Departamento de entre o profesorado e axudantes do Departamento.
2. O Secretario redactará as actas das sesións, custodiará a documentación e expedirá certificacións.

3. Exercerá, así mesmo, calquera outra función que lle delegue o Director do Departamento ou que lle recoñezan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade.
4. O Secretario do Departamento cesará por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do reitor, a proposta do Director do Departamento.
5. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade do Secretario, o Director o substituirá, en funcións ou definitivamente, por outro profesor ou axudante pertencente ao Consello.

TÍTULO III. DA ACTIVIDADE DOCENTE

Artigo 22. Principios xerais

1. O Departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade dirixida á formación integral e crítica do estudantado e á preparación para o exercicio de actividades profesionais.
2. A docencia é un dereito e un deber do persoal docente e investigador do Departamento e será impartida baixo os principios de liberdade e responsabilidade, de acordo coa programación docente e os fins xerais da Universidade da Coruña e dos centros onde se imparta a docencia.
3. O Departamento é o responsable de que a docencia que teña asignada se imparta de acordo cos planos de estudos das titulacións nas que participe e co plano de ordenación docente aprobado polo Consello de Goberno.
4. O Departamento está obrigado, dentro das súas posibilidades, a garantir o ensino das materias que teña encomendadas, arbitrando as medidas oportunas que garantan a docencia ante situacións de urxencia.

Artigo 23. Organización docente

1. O Consello de Departamento deberá distribuir y asignar anualmente de modo racional e equitativo as tarefas docentes que teña encomendadas entre o persoal de que dispoña, de acordo co as necesidades dos centros onde se imparta a docencia. Planificará as actividades docentes do profesorado visitante e emérito, que estarán orientadas principalmente á impartir seminarios, cursos monográficos ou de especialización.
2. Hará públicos, anualmente e con antelación suficiente respecto a os prazos de matrícula ordinaria:
 - a) Os programas das materias impartidas polas áreas ao seu cargo.
 - b) O réxime e horario das titorías dos seus docentes.
 - c) Os criterios básicos de avaliación do alumnado, de acordo coa normativa da Universidade e dos centros nos que imparte docencia.
3. Entenderá, en primeira instancia de calquera outra cuestión relacionada coa docencia que teña asignada.

TÍTULO IV. DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA

Artigo 24. Principios xerais

1. O Departamento asume como un dos seus obxectivos esenciais a investigación, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia social do coñecemento. Para tal efecto promoverá, no marco das súas competencias, o desenvolvemento da investigación así como a formación dos seus investigadores.
2. A investigación é un dereito e un deber do persoal docente e investigador. Recoñécese e garántese, no ámbito do Departamento, a liberdade de investigación individual e colectiva.
3. O Departamento garantirá que tanto os seus fondos bibliográficos como as súas infraestruturas para a investigación estean a disposición de todo o persoal investigador adscrito ao mesmo.
4. O Departamento apoiará programas de investigación onde se recollerán as liñas de investigación, os proxectos e mais os recursos de persoal e material necesarios.

Artigo 25. Contratos e utilización das instalacións

1. En relación co Artigo 24.1, o Departamento poderá establecer os contratos previstos no Artigo 5c do presente Regulamento. Estes contratos se establecerán de acordo coa normativa da Universidade.
2. A utilización dos medios e instalacións do Departamento por persoas alleas deberá ser aprobada polo Consello. El Departamento tomará as medidas pertinentes para facer fronte as responsabilidades que poidesen derivarse de accidentes relacionados con tal utilización.

TÍTULO V. DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 26. Recursos económicos

1. Para a realización das actividades docentes e investigadoras o Departamento de Química Fundamental dispón:
 - a) Dos bens, equipos e instalacións que a Universidade da Coruña lle destine.
 - b) Dos recursos económicos que nos orzamentos da Universidade da Coruña se lle asignen.
 - c) Os procedentes dos contratos a os que se refiren os Artigos 5 e 25 do presente Regulamento.
 - d) Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído.
2. Corresponde aos órganos de goberno do Departamento velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos a este. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos a el, e será supervisada pola dirección do Departamento.

Artigo 27. Competencias en materia económica

1. O Consello do Departamento adoptará anualmente os criterios para a asignación dos recursos do Departamento que serán destinados ao funcionamento deste e á atención das tarefas docentes e investigadoras das áreas. A distribución presupuestaria será equitativa, garantindo que todas as áreas e grupos de investigación que o integran dispoñan de un crédito mínimo.
2. Corresponde á Dirección do Departamento:
 - a) Elaborar e presentar anualmente ao Consello do Departamento, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha estimación dos ingresos e gastos do Departamento no seu conxunto co reparto máis pormenorizado posible dos capítulos e unidades de gasto previstos para o exercicio económico seguinte.
 - b) Elaborar e presentar anualmente ao Consello, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha conta xeral dos ingresos e gastos do Departamento no seu conxunto, distinguindo capítulos, conceptos e, no que sexa posible, unidades de gasto unha vez rematado cada exercicio económico.

TÍTULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 28. Iniciativa de reforma do regulamento

1. O presente regulamento poderá ser modificado a solicitude motivada de un terzo dos membros do Consello de Departamento, que presentárase por escrito dirixido ao Director.
2. O texto da proposta de reforma será enviado polo Director aos membros do Consello, que disporán de quince días hábiles para presentaren emendas. Transcorrido este prazo convocarase sesión ordinaria do Consello para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntarase as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación.
3. Para a modificación do regulamento requirirase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros do Consello e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

ÚNICA. Período de adaptación da Comisión Permanente e comisións de traballo

Tanto a Comisión Permanente, así como o resto de comisións existentes no Departamento á entrada en vigor do presente regulamento extinguiranse no prazo máximo dun mes a partir de esa data, debendo conformarse e constituírse de novo de conformidade co disposto neste regulamento.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA. Derrogatoria

Queda derrogado o anterior Regulamento de Rexime Interno do Departamento.

SEGUNDA. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor o mesmo día en que o aprobe o Consello de Goberno.